

*Ana Romani. Das últimas mareas*

**Carmen Blanco**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

BLANCO, CARMEN (2011 [1995]). “Ana Romani. *Das últimas mareas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 230-235. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1523>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

BLANCO, CARMEN (1995). “Ana Romani. *Das últimas mareas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 230-235.

\* Edición dispoñíbel desde o 14 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Ana Romaní. *Das últimas mareas*  
A Coruña: Espiral Maior**

---

*Carmen Blanco*

A escritora Ana Romaní publica un novo poemario titulado *Das últimas mareas*, despois dun silencio relativamente longo, que se remonta a 1987, o ano en que se dera a coñecer en libro con *Palabra de mar* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia: 1987), aínda que ese silencio se vise roto en momentos como o da recente edición de cinco composicións da obra que agora comentamos no libro colectivo de mulleres *Oito e medio* (Galiza: Edicións do Dragón: 1993). Nesta última publicación a autora encabezaba os seus versos coas palabras “A Sombra do Silencio Desvelado”, unha sinxela autopoética que nomea sen grandilocuencia a importancia da palabra reveladora dos sentidos ocultos no silencio máis calado e que, se cadra, fala tamén do seu lento e sosegado labor poético, afeito a esperar a chegada da voz precisa, sen se deixar levar pola vertixe superflua das palabras acumuladas ás presas.

*Das últimas mareas* continúa a poética existencial, amorosa e solidaria iniciada en *Palabra de mar*, así como a simboloxía mariña, mais dunha a outra entrega a creación seguiu o camiño da contención das palabras ata lograr a contundencia do poema curto e da expresión espida:

*Saber que tempo houbo para o amor, quizais,  
e foi inútil. (p. 54)*

O lema que preside *Das últimas mareas* e a dedicatoria a Antón Avilés de Taramancos anuncian unha viaxe interior polas “rotas que tece o corazón” (p. 7). E se iniciamos a andadura, os novos avisos para navegantes advirten da inminencia

dun canto que se deixa oír no medio do estrondo do derrubamento e que nace coa certeza de que o poema buscado está sempre en fuxida: “Todo se derruba con estrondo, / eu canto” e “Os verdadeiros poemas fuxen”. Edith Södergran e Emily Dickinson son as dúas efíxies que, con esas súas palabras, rompen as augas, como dous inmensos, contundentes e inquietantes mascaróns de proa. Ana Romaní fará a súa travesía acompañada por estas dúas esculcadoras de enigmas e cantoras distintas dos saberes máis ocultos. A elas unírase Rosalía de Castro, a asombrada sombra comunal sempre presente como fantasma amiga desde *Palabra de mar*, igual que Antígona. Todas axudarán, coñecedoras de soidades, sombras, derrotas e desterros, na procura do camiño e do sentido, coas pegadas dos seus ronseis de sangue, pois así son, fundamentalmente dorosos e efémeros, os líquidos vestixios deixados por mulleres “nas alleas terras da palabra” (p. 50). A negra sombra e o hóspede branco non deixarán de indicar, desde o silencio, as perigosas atraccións de abismos e volcáns internos que conmoven as entrañas máis profundas:

*Resista eu de novo  
a soidade tan aberta.* (p. 26)

*Sabía doutros precipicios posibles  
nos que perder a fe inutilmente.  
Neses, quizais, fose preciso verquese  
para saír do aburrimiento que esvara  
polas horas que o rostro debilitan.  
Tan inutilmente pensaba.* (p. 45)

Mentres, as firmes palabras de himno da Södergran moven ó canto e ó cambio, desde o desastre do naufraxio, no momento límite e final das “últimas mareas”:

*Camiñan descalzas polas rochas,  
pantasma de sal habitan as sombras,  
saben que as últimas mareas  
esqueceron na praia os restos do naufraxio.  
As mulleres recollen cada noite  
os tesouros de auga, líquidos e fráxiles,  
rebélanse contra a Historia,  
constrúen co mar as estatuas  
que nunca permanezan.  
As mulleres de sal, con argazos de sombras,  
xorden das últimas mareas  
e tecen tesouros de auga cada noite  
contra a Historia.  
Elas, que saben que o efémero permanece.* (p. 51)

Mais estas rotas mariñas que agora Ana Romaní percorre foron marcadas por outros rastros anteriores que non se perderon no tempo e, esculcados de novo, volven ser, esteira sobre esteira, pegadas permanentes nas augas. Porque a palabra de mar de Ana é outra poética de auga como a da Xohana Torres de *Tempo de ría*:

*E soño fontes de palabras como auga  
que abrollen precisas*

*cando regreses co teu cántaro  
ó meu cuarto. (p. 18)*

E estas últimas mareas súas son tamén territorios familiares dos mares interiores e as íntimas paisaxes inexistentes de Xohana:

*Alguén había, trala porta deste outono,  
que agochaba silencioso os mapas do regreso,  
e gardaba.  
Esqueceu, quen as palabras agora procura,  
que as rotas se debuxan  
tan lentamente e só no corazón. (p. 39)*

Ana sabe que non se deben olvidar as rotas definitivas: nelas fanse as novas singraduras: o mar é ancho e alleo e cada viaxe irrepitible.

Mais sabe tamén que é preciso arriscarse a volver a vista atrás para, así, contemplar a desfeita, seguras de que a sabedoría amarga non ten por que paralizarnos, novas mulleres de Lot sen castigo divino, feitas de auga e sal, como o mar do que vimos e nos leva:

*Por que fomos perdendo nos tecidos  
o valor preciso  
para nos trocar eternamente sal. (p. 23)*

E está certa ademais de que é necesario recobrar a memoria, revivir novas vidas pasadas e reescribir esas vidas escritas. De novo aprendemos de nós na historia de Penélope e Ulises. No vivir, bogar, durmir acaso de Homero recordado por Luz Pozo. Nos dicires de Cunqueiro pende en que pende Penélope pensativa perde novelo nove novamente canto ou as augas retratan cada día volvendo aviso ás pombas que cando non é digo. Nas palabras de Díaz Castro un paso adiante e outro atrás, Galicia, e a tea dos teus soños non se move. Na fin da viaxe contada por Ferrín: cando regreses a Vilanova dos Infantes a inmensa lúa chea iluminará para ti a clave do labirinto. Na nova Penélope de Xohana Torres: “existe a maxia e pode ser de todos. ¿A que tanto novelo e tanta historia? EU TAMÉN NAVEGAR”. E é precisamente con esta última creación de Xohana, aberta á máxica vertixe da liberdade navegante, coa que parece compartir Ana unhas comúns expectativas liberadoras, no relato da perda e do demorado regreso dos amantes. Porque así é como podemos ler os dous primeiros apartados do libro que aparecen baixo o epígrafe “Dos camiños dispersos”, se situamos o seu centro neurálxico nos poemas que evocan “o único erro / que esqueceu Penélope” (p. 17), na primeira parte, e “o único retorno / que esqueceu Ulises” (p. 37), na segunda. Aquí, na historia de Penélope e Ulises, ou nas súas novas, diversas e fragmentarias reencarnacións que son as outras composicións que os rodean, podemos ver unha metáfora do desencontro amoroso, da soledade radical e da perda irreparable, mais tamén do olvido, da fuxida cara a adiante e do imposible retorno:

*Falemos de fuxidas, mares escuros no centro.  
Falemos no tempo como desoladamente sempre imaxinamos,  
sós. (p. 35)*

*Intuír a palabra e esquecela,  
saber que o tempo transcribirá na luz  
a imposibilidade do regreso, e evitalo.  
Seguir soñando para obviar os días  
e as palabras e os nomes  
da luz que se protexe na sombra.  
Saber que ó fin nomearás a perda  
irreparable. (p. 36)*

Nestes versos o tecer da vida de Penélope e o navegar vital de Ulises semellan igualmente inútiles e comparten un mesmo sen sentido:

*Sabía que nunca serían os mesmos  
os tecidos que os dedos facían no tempo,  
e levemente ía anainando na noite  
os fíos de longuísimos ríos de ausencia  
que desbordaban nas meixelas.  
Sabía que nunca máis tería nos labres  
novas estrelas coas que ganduxar as teas,  
mortallas de reproche no seu colo.  
E pois portos non había  
onde recobrar os beixos  
xa lle medraran nas mans as últimas mareas. (p. 27)*

*Depositou nalgún sitio o inoportuno instante feliz,  
procurou a aprendizaxe precisa para as novas singraduras,  
e cando aqueles que vivían na palabra  
cegaron no sol  
soubo do navío que agardaba.  
No tempo, o regreso foi eterno,  
nunca soubo do instante feliz  
que na nostalxia se fixo emoción intensa,  
tristísima. (p. 38)*

Porque a procurada unión carnal, sempre buscada como remedio da perda irreparable, afonda aínda máis na perda, reavivando a ferida orixinaria:

*Pois tan pronto medrou o olvido  
como tarde pechou nas entrañas  
a cicatriz da espada,  
eu acudirei ós teus labres  
a beber auga tan amarga. (p. 21)*

De aquí a perplexidade e a desorientación, o perderse de novo no labirinto, sen máis luz que a que escintilan as sombras do sol negro que viu Julia Kristeva. E “Do labirinto” é precisamente o epígrafe que nomea a terceira e última parte do libro, onde se insiste na confusión que medra no medio de traicións, desercións e xogos inútiles, sempre coa nostalxia da inocencia e a consciencia da sabedoría amarga:

*Recordar as palabras  
que eran estalido suave de inocencia  
e saber que o tempo  
acocha terrible no seu manto  
os restos das desfeitas.*

*Agora somos só este silencio  
e unha amara sabiduría  
a subirnos polas veas. (p. 44)*

Os dous poemas a xeito de pórtico cos que o libro comeza deixan clara a inutilidade pero tamén a ineludibilidade da paixón poética, e, polo tanto, tamén a certeza do absurdo desa navegación polos dispersos camiños do labirinto:

*Sabes que nada descubrirás  
que non poidas intuír cada día  
(...)  
De regreso —inútil tan escuro labirinto—  
en sal se converterán os teus pasos. (p. 11)*

Pero postulan, asemade, a necesidade imperante de levar as singraduras a cabo:

*E coa palabra  
recuperar os camiños  
pórlle nome ó labirinto,  
navegalo. (p. 12)*

Logo, a viaxe pode ter lugar e o poder ser irrompe, quizais, como un futuro realizable: “Nosos puido ser o tempo e o desexo” (p. 53). Porque, precisamente, do máis fondo do abismo, da destrución e das ruínas poderá rexurdir, ó mellor, como ave fénix, un tempo novo. A luz ilumina desde o máis escuro:

*Que tristeza saber  
que os camelios renacerán un día  
ensombrecidos na nostalxia,  
para apiadarse de nós,  
que non vivimos. (p. 53)*

E é que existe Ariadna e ela tende un tenue fio “de tesouros de auga, líquidos e fráxiles” (p. 51) xurdidos do desastre das “últimas mareas” pero destinados a permanecer (p. 51) e desentrañar o camiño. E, ademais, Ariadna abandonada contará coa complicidade de Afrodita. As desterradas, derrotadas, marxinas, soas e os negados todos, serpes, amazonas, bruxas, princesas e demais excluídos (pp. 49 e 50) estercarán a terra, salgarán a auga do mar: “pantasma de sal habitan as sombras” (p. 51). A forza virá da fragilidade, como o mencer do ocaso, e o mundo será a nosa casa:

*Nas marxes procuro o son da illa  
agora que os cantos nacen febles*

*e tinguen con acento esquivo as nosas casas.  
Unicamente nas marxes habitan os precisos,  
os cómplices fieis nos propios holocaustos.  
Eles, que coñecen a agonía das barandas,  
o imposible equilibrio dos negados,  
teñen, nestes días falsos do triunfo,  
o son anovador da miña casa,  
o certo paso dos vencidos. (p. 52)*